



DATOS IDENTIFICATIVOS

Fisioterapia en especialidades clínicas I

Materia	Fisioterapia en especialidades clínicas I			
Código	P05G170V01906			
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	3	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Bioloxía funcional e ciencias da saúde			
Coordinador/a	González Dopazo, Lois			
Profesorado	González Dopazo, Lois			
Correo-e	loisgd@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

Competencias de titulación

Código				
A1	Coñecer e comprender a morfoloxía, a fisioloxía, a patoloxía e a conduta das persoas, tanto sas coma enfermas, no medio natural e social.			
A2	Coñecer e comprender as ciencias, os modelos, as técnicas e os instrumentos sobre os que se fundamenta, articula e desenvolve a fisioterapia.			
A3	Coñecer e comprender os métodos, procedementos e actuacións fisioterapéuticas, encamiñados tanto á terapéutica propiamente dita, a aplicar na clínica para a reeducación ou recuperación funcional, como á realización de actividades dirixidas á promoción e mantemento da saúde.			
A4	Adquirir a experiencia clínica axeitada que proporcione habilidades intelectuais e destrezas técnicas e manuais; que facilite a incorporación de valores éticos e profesionais; e que desenvolva a capacidade de integración dos coñecementos adquiridos.			
A5	Valorar o estado funcional do paciente, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais.			
A6	Valoración diagnóstica de cuidados de fisioterapia segundo as normas e cos instrumentos de validación recoñecidos internacionalmente.			
A7	Deseñar o plan de intervención de fisioterapia atendendo a criterios de adecuación, validez e eficiencia.			
A8	Executar, dirixir e coordinar o plan de intervención de fisioterapia, utilizando as ferramentas terapéuticas propias e atendendo á individualidade do usuario.			
A11	Proporcionarlles unha atención de fisioterapia eficaz, outorgando unha asistencia integral aos pacientes.			
A12	Intervir nos ámbitos de promoción, prevención, protección e recuperación da saúde.			
A13	Saber traballar en equipos profesionais como unidade básica na que se estruturan de forma uni ou multidisciplinar e interdisciplinar os profesionais e demais persoal das organizacións asistenciais.			
A14	Incorporar os principios éticos e legais da profesión na práctica profesional así como integrar os aspectos sociais e comunitarios na toma de decisións.			
A15	Participar na elaboración de protocolos asistenciais de fisioterapia baseada na evidencia científica.			
A16	Levar a cabo as intervencións fisioterapéuticas baseándose na atención integral da saúde que supón a cooperación multiprofesional, a integración dos procesos e a continuidade asistencial.			
A17	Comprender a importancia de actualizar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que integran as competencias profesionais do fisioterapeuta.			
A18	Adquirir habilidades de xestión clínica que inclúan o uso eficiente dos recursos sanitarios e desenvolver actividades de planificación, xestión e control nas unidades asistenciais onde se poña atención en fisioterapia e a súa relación con outros servizos sanitarios.			
A19	Comunicarse de modo efectivo e claro, tanto de forma oral coma escrita, cos usuarios do sistema sanitario así como con outros profesionais.			
B1	Comunicación oral e escrita nas linguas cooficiais da Comunidade Autónoma.			
B2	Capacidade de análise e síntese.			

B3	Capacidade de organización e planificación.
B4	Capacidade de xestión da información
B5	Resolución de problemas
B6	Toma de decisións
B7	Coñecementos de informática relativos ao ámbito de estudo
B9	Compromiso ético
B10	Traballo en equipo
B11	Habilidades nas relacións interpersoais
B12	Razoamento crítico
B13	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade.
B15	Aprendizaxe autónoma
B16	Motivación por a calidade.
B17	Adaptación a novas situacións
B18	Creatividade
B19	Iniciativa e espírito emprendedor
B20	Liderado

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
7D Coñecer e comprender as bases físicas dos distintos axentes físicos e as súas aplicacións.	A2
14D Coñecer e comprender os conceptos de exploración física, valoración, diagnóstico e prognóstico, as bases teóricas das valoracións, test e comprobacións funcionais, a avaliación científica da súa utilidade e efectividade, así como as etapas e recursos do proceso de intervención de Fisioterapia.	A6
15D Coñecer e comprender os aspectos xerais da patoloxía de etioloxía endóxena e esóxena relacionada coa Fisioterapia de todos os aparatos e sistemas cos seus tratamentos médicos, cirúrxicos, fisioterapéuticos e ortopédicos.	A1 A3
16D Coñecer e comprender os cambios estruturais, fisiolóxicos, funcionais e de conduta que se producen como consecuencia da intervención da Fisioterapia.	A3
19D Coñecer e comprender os procedementos fisioterapéuticos baseados en métodos e técnicas específicos de actuacións fisioterapéuticas a aplicar nas diferentes patoloxías de todos os aparatos e sistemas, e en todas as especialidades de medicina e cirurxía, así como na promoción e conservación da saúde, e na prevención da enfermidade. Tales métodos están referidos, entre outros: aos procesos neurolóxicos do aparato locomotor (terapias manuais, terapias manipulativas articulares, osteopatía e quiropraxe); do aparato respiratorio; do sistema cardiocirculatorio; ás alteracións da estática e a dinámica; aos métodos específicos ortopédicos e ás técnicas terapéuticas reflexas, alternativas ou complementarias afíns ao campo de competencia da Fisioterapia.	A3
20D Adquisición de vocabulario propio no campo da Fisioterapia.	A19
1P Elaborar e cumprir de forma sistemática a historia clínica de Fisioterapia completa, onde se rexistren de forma axeitada e eficaz todos os pasos seguidos dende a recepción do paciente/usuario ata o informe de alta de Fisioterapia.	A4 A6
2P Valorar o estado funcional do paciente/usuario, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais.	A4 A5
3P Determinar o diagnóstico de Fisioterapia de acordo coas normas recoñecidas internacionalmente e cos instrumentos de validación internacionais. Esta competencia inclúe xerarquizar as necesidades do paciente/usuario para atender con prioridade aquelas que máis comprometan o proceso de recuperación.	A4 A6
4P Diseñar o Plan de intervención de Fisioterapia. Elaborar un plan específico de intervención de Fisioterapia empregando habilidades de resolución de problemas e razoamento clínico en consonancia cos recursos dispoñibles, formulando os obxectivos de intervención co usuario e, se é o caso, coas persoas significativas do seu ámbito, recollendo as súas expectativas respecto á atención. Seleccionando os protocolos ou procedementos máis adecuados á atención planificada e atendendo a criterios de adecuación, validez e eficiencia.	A4 A7
5P Executar, dirixir e coordinar, o Plan de intervención de Fisioterapia, atendendo ao principio da individualidade do usuario e utilizando as ferramentas terapéuticas propias da Fisioterapia, é dicir, o conxunto de métodos, procedementos, actuacións e técnicas que mediante a aplicación dos medios físicos: curan, recuperan, habilitan, rehabilitan, adaptan e readaptan ás persoas con deficiencias, limitacións funcionais e minusvalías preveñen as enfermidades e promoven a saúde das persoas que queren manter un nivel óptimo de saúde.	A4 A8
9P Intervir nos ámbitos de promoción da saúde e prevención da enfermidade.	A4 A11 A12 A16
11P Incorporar na cultura profesional os principios éticos e legais da profesión.	A4 A14

12P Incorporar a investigación científica e a práctica baseada na evidencia como cultura profesional.	A4 A15
13P Analizar criticamente os métodos, protocolos e tratamentos da atención en Fisioterapia e velar porque estes se adecúen á evolución do saber científico.	A4 A15
15P Aplicar os mecanismos de garantía de calidade na práctica da Fisioterapia, axustándose aos criterios, indicadores e estándares de calidade recoñecidos e validados para a boa práctica profesional.	A4 A15 A18
16P Afrontar o estrés, o que supón ter capacidade para controlarse a si mesmo e controlar o ámbito en situacións de tensión.	A4
17P Asumir riscos e vivir en ámbitos de incerteza, é dicir, ter a capacidade para desempeñar unha responsabilidade sen coñecer ao 100% o resultado final.	A4
18P Motivar a outros. O que supón ter a capacidade de xerar nos demais o desexo de participar activamente e con ilusión en calquera proxecto ou tarefa.	A4 A13 A18
19P Aplicar os principios ergonómicos ou de hixiene postural no desenvolvemento da súa actividade.	A2 A4
1A Traballar con responsabilidade.	A17
2A Manter unha actitude de aprendizaxe e mellora.	A17
3A Manifestar respecto, valoración e sensibilidade ante o traballo dos demais.	A13
5A Manifestar discreción.	A14
6A Mostrar a súa orientación ao paciente/usuario.	A14 A19
7A Axustarse aos límites da súa competencia profesional.	A14
8A Desenvolver a capacidade para organizar e dirixir.	A18
1TI Comunicación oral e escrita nas linguas cooficiais da Comunidade Autónoma.	B1
2TI Capacidade de análise e síntese.	B2
3TI Capacidade de organización e planificación.	B3
4TI Capacidade de xestión da información.	B4
5TI Resolución de problemas.	B5
6TI Toma de decisións.	B6
7TI Coñecementos de informática relativos ao ámbito de estudo.	B7
1TP Compromiso ético.	B9
2TP Traballo en equipo.	B10
3TP Habilidades nas relacións interpersoais.	B11
4TP Razoamento crítico.	B12
5TP Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade.	B13
1TS Aprendizaxe autónoma.	B15
2TS Motivación por a calidade.	B16
3TS Adaptación a novas situacións.	B17
4TS Creatividade.	B18
5TS Iniciativa e espírito emprendedor.	B19
6TS Liderado.	B20

Contidos

Tema	
Temario teórico.	Sen subtemas
-Fisioterapia nas afeccións do sistema nervioso central.	
-Métodos de Fisioterapia no tratamento das patoloxías pediátricas.	
-Fisioterapia nas afeccións do sistema nervioso periférico.	
-Fisioterapia nas lesións medulares.	
-Fisioterapia nos procesos neuromusculares. - Fisioterapia en oncoloxía. Fisioterapia nos procesos dexenerativos (parkinson, esclerose múltiple, ELA...)	
Temario práctico.	Sen subtemas
-Formularanse casos e simulacións relacionadas co temario teórico, os alumnos formularán e executarán o tratamento e corríranse os erros e as dúbidas.	

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2

Sesión maxistral	34	81	115
Prácticas de laboratorio	38	54	92
Presentacións/exposicións	2	4	6
Traballos tutelados	1	0	1
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	0	2
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	1	6	7

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia
Sesión maxistral	As clases teóricas serán participativas e utilizarase a interrogación didáctica, debate, estudo de casos e estratexias de resolución de problemas.
Prácticas de laboratorio	Demostración práctica de distintos supostos clínicos e repetición destes cos compañeiros.
Presentacións/exposicións	Exposición con medios audiovisuais por parte do alumno ante o docente e os estudantes do traballo tutelado
Traballos tutelados	O alumno realizará en grupo un traballo relacionado co temario da materia e debe ser pactado co profesor.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	TUTORIAS: Ademais das titorías de grupo pequeno para o traballo tutelado, contemplanse as titorías de orientación e asesoramento académico, profesional e persoal. Estas levaranse a cabo no horario e lugar indicado no apartado da guía correspondente, 6 horas a semana. Tamen se poden realizar por correo electrónico a dirección do profesor indicando en Asunto: TUTORIAS ORGANIZACION SOCIAL DO TRABALLO Para o desenvolvemento da docencia faranse grupos de alumnos Gran grupo: clases teóricas e exposicións de traballos Pequeno grupo: elaboración de traballos Individual: exame
Prácticas de laboratorio	TUTORIAS: Ademais das titorías de grupo pequeno para o traballo tutelado, contemplanse as titorías de orientación e asesoramento académico, profesional e persoal. Estas levaranse a cabo no horario e lugar indicado no apartado da guía correspondente, 6 horas a semana. Tamen se poden realizar por correo electrónico a dirección do profesor indicando en Asunto: TUTORIAS ORGANIZACION SOCIAL DO TRABALLO Para o desenvolvemento da docencia faranse grupos de alumnos Gran grupo: clases teóricas e exposicións de traballos Pequeno grupo: elaboración de traballos Individual: exame
Traballos tutelados	TUTORIAS: Ademais das titorías de grupo pequeno para o traballo tutelado, contemplanse as titorías de orientación e asesoramento académico, profesional e persoal. Estas levaranse a cabo no horario e lugar indicado no apartado da guía correspondente, 6 horas a semana. Tamen se poden realizar por correo electrónico a dirección do profesor indicando en Asunto: TUTORIAS ORGANIZACION SOCIAL DO TRABALLO Para o desenvolvemento da docencia faranse grupos de alumnos Gran grupo: clases teóricas e exposicións de traballos Pequeno grupo: elaboración de traballos Individual: exame

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	avaliación mediante proba escrita dos contidos teóricos da materia.	45
Prácticas de laboratorio	O alumno debe resolver 4 supostos prácticos relacionados cos contidos da materia.	45
Presentacións/exposicións	Valorarase a presentación do traballo en medios audiovisuais, a súa exposición e defensa.	5
Traballos tutelados	A realización, asistencia a titorías, exposición e defensa do traballo é obrigatorio para superar a materia.	5
	Valorarase a participación nas titorías do traballo, a formulación e análise realizada, así como a súa redacción e a utilización de fontes bibliográficas.	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para poder presentarse a examen teórico e práctico en calquera das dúas convocatorias é obrigatorio realizar, asistir as titorías, expoñer e defender o traballo nas datas que se establezan ao principio da docencia da materia.

Para superar a materia o alumno debe ter superados o exame teórico e práctico de forma independente.

Para poder presentarse ao exame práctico o alumno debe presentarse ao exame teórico

Bibliografía. Fuentes de información

Shumway-Cook, A. □ Woollacott, M., **MOTOR CONTROL. TRANSLATING RESEARCH INTO CLINICAL PRACTICE (INTERNATIONAL EDITION)**, Ed. LIPPINCOT 4ª ed,

Wilson-Pauwels, L. □ Akesson, E. □ Stewart, P. □ Spacey, S., **NERVIOS CRANEALES. En la salud y la enfermedad**, Editorial Medica Panamericana 3ª ed,

Stokes, M. □ Stack, E., **FISIOTERAPIA EN LA REHABILITACIÓN NEUROLÓGICA**, Ed. Elsevier 3ª ed.,

Levitt, S., **TRATAMIENTO DE LA PARÁLISIS CEREBRAL Y DEL RETRASO MOTOR**, Editorial Medica Panamericana 5ª ed,

Paeth, B., **EXPERIENCIAS CON EL CONCEPTO BOBATH. Fundamentos, tratamientos y casos**, Editorial Medica Panamericana 2ª,

Bisbe □ Santoyo □ Segarra, **FISIOTERAPIA EN ENUROLOGIA. Procedimientos para resolver la capacidad funcional**, Editorial Medica Panamericana 1º,

Cano, r. □ Colado, S., **NEURORREHABILITACIÓN. Métodos específicos de valoración y tratamiento.**, Editorial Medica Panamericana 1º ed,

Haines, D., **NEUROANATOMIA. ATLAS DE ESTRUCTURAS, SECCIONES Y SISTEMAS**, Ed. LIPPINCOTT. 8ª .,

Barker, R. □ Barasi, S., **NEUROCIENCIA EN ESQUEMAS**, Ed. AKADIA 3ª,

Harvey, L., **TRATAMIENTO DE LA LESIÓN MEDULAR. GUIA PARA FISIOTERAPEUTAS**, Ed. Elsevier 1ª,

Calero, M., **ACTUACIÓN DEL FISIOTERAPEUTA EN ESCLEROSIS MÚLTIPLE**, Ed. Formación Alcala 2ª ed,

Recomendaciones

Outros comentarios

É obrigatorio terse avaliado desta materia para poder cursar a materia de Estancias clínicas.
